Servizo de deportes

Concello de Cariño

Paseo Marítimo s/n

C.P.:15360 Cariño

A Coruña

Teléfono: 981420216

Email: davidfernandez@concellodecarino.com

REGULAMENTO 3ª VOLTA Ó MAZANTEU (CONCELLO DE CARIÑO)

Artigo 1. Obxecto

Con esta proba pretendese crear e fomentar un hábito de vida saudable entre a poboación, abandonando o sedentarismo, previndo e reducindo a incidencia das súas enfermidades asociadas, y ofrecendo a posibilidade de ocupar de forma saudable o seu tempo de ocio.

Artigo 2. Organización e colaboración

A proba denomínase 3ª Volta ó Mazanteu está organizada polo Servizo de Deportes do concello de Cariño sendo unha "proba oficial da FGA con distancia no homologada". Colaboran ou patrocinan esta proba a Deputación provincial da Coruña, a FGA, o club ciclista Cariño, Atmosfera Cero, Arthros Fisioterapia e Vegalsa.

Esta proba forma parte de do 3º Circuíto Corre polo Norte" organizado polos concelleiros de deportes dos concellos de Cariño, Cedeira, Ortigueira, Mañón, Moeche, Cerdido e Valdoviño, así como polas empresas Prueba-t e Ranckr.

Vaise celebrar o sábado 12 de maio, dende as 11:30 ata 14:00 horas, coa saída no Paseo marítimo de Cariño e o recorrido é de 7400 metros arredor do monte Mazanteu, por asfalto e pistas de terra. Ademais vanse celebrar diferentes categorías con distintas distancias a percorrer e que son as seguintes:

	CATEGORÍA	NADOS/AS	DISTANCIA	HORA DE SAÍDA
MENORES	Pitufos	2014-2018	50 m.	12:40 Aprox.
	Prebenxamín	2011-2013	150 m.	12:50 Aprox.
	Benxamín (Sub 10)	2009-2010	300 m.	13:00 Aprox.
	Alevín (Sub 12)	2007-2008	900 m	13:10 Aprox.
	Infantil (Sub 14)	2005-2006	1400 m.	13:20 Aprox.
	Cadete-Xuv (Sub 16/18)	2001-2004	2100 m.	13:40 Aprox.
ABSOLUTA	Sénior	1984-2000	7400 m.	11:30 Aprox.
	Máster A	1967-1983	7400 m.	11:30 Aprox.
	Máster B	1966 ou antes	7400 m.	11:30 Aprox.

Haberá categorías tanto masculinas como femininas e entregarase medallas ós 3 primeiros clasificados de cada proba (masculina e feminina). En caso de que algunha categoría quedase con poucos participantes xuntarase con outra.

Artigo 3.Inscrición.

Faranse a través da páxina web www.carreirasgalegas.com e www.atletismogalego.org rematando o prazo ás 23.59 horas do xoves 10 de maio. Os dorsais poderán retirarse o mesmo sábado na saída (cobertizo do paseo marítimo) ata media hora antes da proba.

Non poderán tramitarse inscricións o mesmo día.

Custe de inscrición:

- Categorías de menores: sen custe.
- Categorías sénior e máster: 4 euros

Artigo 4. Normas de participación.

Para formar parte desta proba é necesario que todos os participantes acrediten a súa identidade coa presentación do seu D. N.I. á hora de recoller o dorsal de cada proba.

O comité organizador resérvase o dereito de pechar as inscricións se as razóns organizativas así o requirisen.

Todos os participantes na proba aceptan o seu regulamento e normativa, formalizando a súa inscrición con todos os dereitos e obrigacións que lle

corresponden. Así mesmo, no momento da inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que lles incapacite para a práctica de actividade física e deportiva. Do mesmo xeito aceptan que a organización publique fotos, imaxes ou calquera outra información nas súas redes sociais e medios de comunicación.

Para participar na proba é obrigatorio o correcto uso do dorsal e chip facilitado en cada proba por persoal da organización. En caso de non realizar correctamente a colocación do dorsal ou chip non se garantirá que o resultado sexa correcto.

Artigo 5. Normas de seguridade.

5.1 Seguro de Responsabilidade Civil.

Nesta proba colabora a Federación Galega de Atletismo e mediante a súa inscrición o corredor consente expresamente que os seus datos básicos sexan cedidos a esta entidade para a tramitación, ante a compañía de seguros, dos seguros obrigatorios de accidentes e Responsabilidade Civil así como a xestión da licenza de día e ranking popular de probas de ruta. En todo caso e tal como establece a lei de Protección de Datos, o interesado pode exercer no futuro os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito ou correo electrónico á Federación Galega de Atletismo. Avenida de Glasgow 13 15008 A Coruña.

5.2 Servizo de avituallamento e aseos.

A organización asegurará a provisión de bebidas aptas e alimentos sólidos para a práctica deportiva na meta e en puntos intermedios das probas. Os participantes poden ducharse no polideportivo municipal que se atopa a 1 km da zona de chegada.

Artigo 6. Regulamento da proba.

1. “A proba esta incluída no Calendario Oficial da FGA e os xuíces da proba forman parte do comité galego de xuíces.
2. As reclamacións referentes os resultados oficiais, deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de comunicarse oficialmente os resultados.
3. “Será motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuíto da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais, competir co dorsal o chip/s de outra/s persoa/s”.
4. “Os atletas con licenza federativa terán que atenerse o regulamento de Disciplina Deportiva en vigor”.
5. “Os atletas con licenza pola FGA deberán competir ca camiseta oficial de su club”

6. “As persoas non inscritas oficialmente e que tomen parte da carreira a modo particular, sen ser autorizadas polo organizador, no están amparadas polos seguros da proba. A FGA non se fará responsable dos danos que estás persoas podan causar o causarse”.
7. “Todo o non disposto na presente normativa rexerase polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores”.

Artigo 7. Regulamento e Clasificacións do 3º CIRCUÍTO CORRE POLO NORTE

INDIVIDUAL

A puntuación outorgarase unicamente ás categorías sénior e veterano. Os puntos de cada deportista serán en función da posición que ocupe en meta, seguindo esta táboa:

Posto	Puntos	Posto	Puntos	Posto	Puntos	Posto	Puntos
1º	25 p.	6º	14 p	11º	9 p	16º	4 p
2º	21 p	7º	13 p	12º	8 p	17º	3 p
3º	18 p	8º	12 p	13º	7p	18º	2 p
4º	16 p	9º	11 p	14º	6p	19º	1 p
5º	15 p	10º	10 p	15º	5 p	20º…	1 p

O deportista que queira optar á clasificación final do Circuíto deberá completar polo menos 5 probas dos 7 posibles. No caso de que se adhiran máis probas durante o ano, deberase completar polo menos un 70% das mesmas.

O deportista que completase todas as probas do circuíto conseguirá unha puntuación extra de 50 puntos para a clasificación final.

O vencedor final do Circuíto, en cada categoría, será o que máis puntos obteña ao final do mesmo. En caso de empate teranse en conta:

1º) O maior número de probas completadas.

2º) O maior número de mellores postos.

Artigo 8. Premios probas e premios do circuito.

- Premio aos tres primeiros de cada categoría: pitufos, prebenxamín benxamín alevín, infantil, cadete-xuvenil, sénior, veteranos A e veteranos B (medalla ou trofeo).

Premios finais do Circuíto:

- Trofeo e premio económico ao primeiro clasificado individual por puntuación total tanto masculino como feminino independentemente da categoría (gañará o circuíto a muller ou home que obteña máis puntuación independentemente da categoría á que pertenza sempre que sexa senior, veterano A ou veterano B).

Artigo 9. Descalificacións

A descalificación dun deportista na proba supón, non optar aos premios da mesma nin do circuíto final Pode ser polos seguintes motivos:

- Por agresións físicas ou verbais cara a outro participante.

- Non levar o dorsal ben colocado nos controis e en meta.

- Non atender ás indicacións dos xuíces ou da organización.

- Non realizar o percorrido estipulado.

- Correr co dorsal doutra persoa. Descualificarase a ambos.

- Por condutas antideportivas ou contra o medio ambiente.

Artigo 10. Reclamacións

Establécese un prazo de 24 horas hábiles para realizar calquera reclamación respecto diso do desenvolvemento da proba. Dita reclamación presentarase por escrito ante o Comité Organizador presentado cantas probas estime oportunas. Devandito Comité actuará de oficio cando existan causas que así o permitan e xustifiquen. A súa decisión última será inapelable.

Artigo 11. Cláusulas adicionais.

Primeira: Todos os participantes aceptan a publicación dos seus datos persoais, así como fotografías da propia organización. Mediante a inscrición o deportista consente expresamente que os seus datos sexan utilizados pola organización, por cada concello e pola empresa Proba- T para comunicacións sobre as súas actividades.

Segunda: A organización resérvase o dereito de cambiar os percorridos predefinidos, probas convocadas ou modificar o regulamento se as condicións así o requiren.

Terceira: A inscrición no circuíto CORRE POLO NORTE, así como en cada unha das súas probas, non supón ningún privilexio nin dereito respecto das normas e regulamentos esixidos na convocatoria de cada unha das probas, polo que cada participante terá que aterse e aceptar as súas bases.